# Lendo e creando

***Como achegar a arte aos nenos e nenas a través dos sentidos.***



COLEXIO DE CERVO

# Como xurde este proxecto?



Antecedentes:

- Obradoiros de fotografía, radio, cerámica, prensa.
- Visitas a espectáculos exposicións de pintura.








# Colaboración de papás e mamás artistas





Instrumentos musicais de Tomas & tomás .
Estreno dunha obra de títeres de Óscar e Tomás.



# Influencia de Sargadelos no colexio: carteis, señalizacións, mosaicos…

















- Inquietude do profesorado por mellorar a área de

  Ed. Artística: non queriamos limitarnos a colorear láminas de debuxos dos personaxes de moda, dos libros de plástica…

  Neste entorno tan artístico queriamos algo máis creativo!





# 1. Cal é o papel da biblioteca?



*Fundamental, o eixo do proxecto, de onde saen todas as propostas.*

- Merca bibliografía.
- Coordina os Proxectos do Plambe VI, VII e VIII e os GT.
- Ofrece formación ao profesorado:
- Busca  recursos na rede e centralízaos no blog BIBLIOCERVO.
- Participa noutros blogs de arte: Pequeños Artistas, Grandes Obras.
- Xestiona  as docencias dos GT.

# 2. Como levamos á cabo este proxecto?

- Despois de moito debatir e grazas as docencias, consensuamos un esquema de traballo para analizar obras de arte tendo en conta as sensacións, as emocións, os sentimentos…
- Cada ciclo/clase elixíu unha obra para analizar segundo este esquema.
- Estudio de cadros dende o punto de vista matemático.
- A plástica trabállase de forma globalizada e interdisciplinar: nas distintas áreas, nas festas…,
- Implicación das familias.
- Ambientación do colexio, exposicións na biblioteca e nos corredores
- Uso das tics para achegar a información ao alumnado.

## GUIÓN DE TRABALLO PARA ANALIZAR UN CADRO, FEITO A PARTIR DA DOCENCIA DE CARMEN LOUREIRO.PROXECTO NORIA

**HABILIDADES DE INVESTIGACIÓN.**

- *ADIVIÑAR* (mostramos so anacos do cadro)
- Que elementos,lugares,personaxes recoñeces no cadro?
- *AVERIGUAR(* mostramos agora o cadro enteiro)
- Sabedes quen pintou o cadro?
- Busca información sobre o pintor , o cadro, o estilo, a corrente pictórica...
- *OBSERVAR*
- Que elementos se recoñecen no cadro?
- Que personaxes se ven no cadro?
- Que lugares se ven no cadro?
- Que fondos se ven no cadro?
- Que elementos recoñecen no cadro?
- Como é a luz do cadro?
- Que cores se ven no cadro?
- Que figuras xeométricas se ven no cadro?
- Que liñas se ven no cadro?
- *IMAXINAR*
- Oído
- Que sons hai no cadro?
- Olfacto
- A que ole o cadro?
- Gusto
- A que sabe o cadro?
- Tacto
- Que sensacións táctiles produce o cadro?
- *BUSCAR ALTERNATIVAS*
- **CONCEPTOS.**
- *FORMULAR CONCEPTOS*
- Observación e descripción ordenada dos elementos do cadro.
- *BUSCAR EXEMPLOS*
- Unha vez identificado o estilo busca mais exemplos do mesmo.
- Clasifica en obras do mesmo estilo e de outro contrario verbalizando os criterios que empregan.
- *BUSCAR SEMELLANZAS E DIFERENZAS*
- Sinala as diferenzas deste cadro con outros cadros do mesmo autor.
- *DEFINIR*
- Define termos relacionados con elementos do cadro.
- Define elementos relacionados co coñecemento que tes do autor,época...
- Fai a composición do cadro ubicando as partes que che se dan.

**HABILIDADES DE RAZOAMENTO**.

*BUSCAR E DAR RAZÓNS*
Identifica as cores do cadro e o porque do seu emprego.
Compara dous cadros do mesmo autor
e explica cal che gusta máis

*RAZONAR HIPOTETICAMENTE*
Que pasaría se as personaxes mudaran de tempo e de espacio.
Se en lugar dese fondo puxeramos outro.
Se cambiaramos os personaxes por animais,plantas...

*RELACIONAR AS PARTES E O TODO*
Monta o puzzle.
Que fondos irían ben coa imaxe.
Relaciona o fondo coa vestimenta dos personaxes e o tempo.

**HABILIDADES DE TRADUCCIÓN**.

EXPLI*CAR, NARRAR E DESCRIBIR.*
Explica a historia que ocorre no cadro.
Explica a sensación que te suxire o cadro.

*IMPROVISAR*
Crea outra composición cos elementos seguintes.

*TRADUCIR A LINGUAXE ORAL AO PLÁSTICA E VICEVERSA*
Inventa unha historia cos elementos do cadro.

*TRADUCIR A OUTRAS LINGUAXES*
Fai unha poesía.
Inventa outro titulo para o cadro.
Representa teatralmente a escena do cadro.
Fai unha canción.
Fai unha composición do cadro empregando distintas obxectos cotiáns.
Relaciona o cadro coa música que che suxire.

4.AVALIACIÓN

AUTOAVALIACIÓN

DIFICULTADES

FACILIDADES

SORPRESAS

# TRABALLANDO POLA PAZ












Recursos e actividades no blog.
Folleto para as familias.
Web quest sobre Picasso e o Guernica.



# Antroido

Elaboración de cadros dos pintores traballados: Paul Klee en 1º ciclo, Miró en 2º ciclo, Delaunay en 5º e Picasso en 6º. Desfile por Cervo









Profes coas pezas do mosaico.
No patio do cole.



# As matemáticas na arte:
# M. C. ESCHER con materiais de AGAPEMA






## M.C. Escher

(1898-1972)

A obra deste artista holandés está repleta de intelixentes sorpresas ópticas. A primeira vista, moitas das súas obras parecen naturalistas, unha representación da realidade, pero unha mirada atenta descubre a imposibilidade do que parece evidente, de modo que o espectador debe volver a mirar unha e outra vez as imaxes, só así é posible descubrir as sorpresas ocultas.

Ademais de dispoñer dunha xenial fantasía e de ser un excelente debuxante fixo uso da xeometría, tanto da tradicional como da moderna, para realizar a súa obra.

AS MATEMÁTICAS SON A CLAVE PARA LOGRAR OS EFECTOS ASOMBROSOS DAS SÚAS IMAXES.

MIRA ATENTAMENTE, E VOLVE A MIRAR PARA PODER DISFRUTAR COAS SORPRESAS QUE ESCHER PLANEOU MINUCIOSAMENTE PARA NÓS.





Exposición nos corredores.
Obradoiros para construir mosaicos






# Uso das tics para tratar a información







Creación dunha “site “para centralizar os recursos.
Elaboración de dous libros LIM.



# 3.Consolidación do proxecto (plambe VII)

- Caza do tesouro Paul klee, Día das bibliotecas















# Algúns cadros traballados







O Xardín, Serie de Mali,
1914, El Grito, O Guernica
El Error Verde. A Gioconda…







# Creacións do alumnado














# Lecturas verán 2012
# “Lendo con Arte”






# Libro viaxeiro: Érase unha vez un cadro…






ÉRASE UNHA VEZ UN CADRO

Ola familias!

Querémosvos presentar este cartafol cheiño de imaxes. Nelas atoparedes cadros de diversos estilos, técnicas e autores. Esperamos que desfrutedes investigando non só visualmente senón que deixedes voar a vosa imaxinación e empreguedes todos os vosos sentidos (descubrindo as cores, os olores e sabores que vos inspiran, as texturas… e todas as sensacións que vos produzan).

E que podedes facer co cartafol? Pois moi sinxelo:

1º. Velo todo todiño!

2º. Escoller a imaxe que máis vos guste ou a que vos chame a atención por algo en especial. (Ao final do cartafol atoparedes unha relación co título e autor das obras).

3º. Comentar o cadro en familia: que vos suxire, que personaxes aparecen, que pensades que están facendo, si as cores imprimen alegría ou tristeza…

4º. E como nos interesa moito compartir as impresións de todos e todas, para rematar deixádenos plasmadas de algún xeito as vosas opinións. Para iso atoparedes detrás de cada cadro un folio que podedes empregar para contar unha historia relacionada, escribir os vosos sentimentos, debuxar…

Deste xeito este cartafol viaxará por todas as vosas casas e regresará ao cole cargadiño coa maxia das vosas creacións.

Un saudiño cheo de cores,

ata pronto pintores!











# Obradoiros coa pintora Adriana Pardo









# Obradoiros con Aina Noguera

Descubrir os pes a través da música.








# Exposición de fondos. Concurso de carteis para a exposición “A arte que nos rodea”





*Puca séntese moi leda de comunicarvos que no noso colexio terá lugar unha exposición de pintura do 25 de abril ao 25 de xuño. Os pintores participantes son da Mariña, ou se senten ou están próximos a ela. Para anunciar este maravilloso acontecemento Puca quere convidarvos a participar nun*

***CONCURSO DE CARTEIS.***

**BASES**

TEMÁTICA:

O tema principal será anunciar a próxima exposición de pintura que se realizará no noso colexio do 25 de abril ao 25 de xuño, o título desta exposición será *“A pintura que nos rodea”*. O cartel deberá estar escrito en galego e explicar con claridade onde se fará a exposición, cando e que a exposición estará aberta ao público durante o horario escolar.

PARTICIPANTES:

Poderá participar todo o alumnado do C.E.I.P. de Cervo. Cada participante poderá presentar un só cartel ou deseño en formato de papel ou cartolina en branco e negro ou cor. O tamaño deberá ser A3 como máximo e A4 como mínimo.

CARTEIS:

As obras deberán ser orixinais.

Obrigatoriamente non poderá levar o nome do autor visible no deseño. O nome e curso do autor irá escrito no reverso do folio ou cartolina.

Admitirase calquera téctica ou manipulación no deseño.

XURADO:

1- O fallo do xurado farase público o día 17 de abril, comunicándollo ao gañador e resto dos participantes ao día seguinte no colexio.
2- O xurado para elixir o cartel gañador terá en conta a orixinalidade, claridade e creatividade do deseño.
3- O idioma será o galego.
4- A data límite de entrega será o 17 de abril (durante a mañá). Non se admitirán carteis pasada esta data.
5- Participar no concurso implica a aceptación destas bases.
6- Para máis información dirixirse aos mestres do colexio.

Espero que vos animedes a participar, sen dúbida vai ser un gran acontecemento aquí no noso colexio e a ocasión merece un gran cartel. Espero os vosos deseños con impaciencia, estou desexando velos. Unha aperta de Puca.










# Exposición de artistas da Mariña.



















# 1 de xuño:Día da Arte Galega na Escola














# Obras realizadas conxuntamente polos pintores.






# Preparamos o material  para traballar a escultura



Quen é quen? Busca aos  profes do cole na escola de Dona Merceditas, cadro de Xosé Blanco.  Páxina do xornal escolar)



Espero que vos resultara interesante
e que vos animara a participar no
2º Día da Arte Galega na Escola.
Estamos virtualmente en
BIBLIOCERVO
http://bibliocervo.blogspot.com.es
e realmente no
CEIP de Cervo-LUGO
Moitas Grazas pola vosa atención!

